

## **BASES REGULADORAS DO CURSO DE FORMACIÓN EN IGUALDADE PARA PERSOAL DOCENTE, PERSOAL EDUCATIVO E ESTUDANTADO**

Dentro das liñas de actuacións conxuntas marcadas pola Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo está a promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en todos os ámbitos da sociedade.

A educación é sen dúbida un dos principais instrumentos para a consecución de etse obxectivo, así como para a potenciación do papel das mulleres na sociedade, e o ámbito educativo é o espazo idóneo para a transmisión de valores igualitarios que permitan unha verdadeira transformación social.

Co fin de acadar unha sociedade máis igualitaria e previr a violencia de xénero, a Deputación, a través da súa Escola de Igualdade María Vinyals e coa colaboración da Universidade de Vigo, quere ofrecer formación en igualdade dirixida a persoal docente, persoal educativo e estudantado onde se dean pautas e ferramentas para levar a cabo programacións que favorezan a posta en marcha dun modelo coeducativo, a educación en igualdade e a prevención e a actuación ante situacións de violencia de xénero.

Tendo en conta o exposto, convocase un Curso de Formación en Igualdade que se rexerá polas seguintes

### **BASES**

#### **Primeira. Obxecto**

O obxecto desta convocatoria é ofertar, dentro da Escola de Igualdade María Vinyals, o desenvolvemento dun Curso de Formación en Igualdade para persoal docente, persoal educativo e estudantado. Trátase dun curso eminentemente práctico, que constará de dous módulos, cunha parte presencial (30 h) e outra en liña (20 h) en cada un deles.

Esta acción formativa terá lugar na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte e na Escola de Enxeñaría Forestal, ambas no Campus Universitario de Pontevedra, e ao seu remate a Universidade de Vigo expedirá unha certificación oficial.

## Segunda. Persoas destinatarias

A formación vai dirixida ao profesorado e alumnado da Universidade de Vigo, profesorado e persoal educativo dos centros dependentes da Deputación de Pontevedra (Escola de Cantería, Escola de Enfermería, Centro Príncipe Felipe) e profesorado de centros de ensino dependentes da Consellería de Educación (educación infantil, primaria e secundaria).

## Terceira. Obxectivos da formación

Desenvolver competencias profesionais docentes relacionadas cos seguintes aspectos:

- Sensibilizar o profesorado e o alumnado acerca da necesidade de introducir a perspectiva de xénero en todos os niveis educativos
- Recoñer a desigualdade de xénero como paso previo para conseguir uns centros educativos máis inclusivos e igualitarios
- Achegarse a aspectos básicos relacionados coa igualdade de xénero e a non discriminación
- Aprender e avaliar as necesidades e a analizar a realidade educativa
- Desenvolver as habilidades necesarias para identificar obstáculos que impiden a igualdade
- Coñecer materiais relacionados coa igualdade de xénero
- Usar de ferramentas básicas para propoñer nos centros educativos un currículo máis equilibrado que elimine diferenzas sexistas

## Cuarta. Contidos

A formación constará de dous módulos de 50 horas cada un, cunha parte presencial (30 h) e outra en liña (20 h).

O **primeiro módulo (nivel I)** realizarase durante os meses de outubro, novembro e decembro de 2017 e trataranse os seguintes contidos:

1. A desigualdade de xénero. Datos educativos, laborais, familiares, históricos, literarios e científicos. Barreiras, prexuízos e mitos
2. O xénero e o sexo. Estereotipos, mitos e barreiras
3. A socialización. Procesos. Escola mixta e escola coeducativa
4. A linguaxe inclusiva non sexista

O segundo módulo (nivel II) levarase a cabo durante os meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2018 e consta dos seguintes contidos:

5. A transmisión de estereotipos no sistema educativo (linguaxe, espazos, agrupamentos, materiais didácticos –textos e imaxes–, quendas de palabra, tarefas e actividades, currículo, cargos). O currículo oculto
6. A igualdade na lexislación actual
7. A violencia de xénero
8. A avaliación e a identificación de elementos sexistas no sistema educativo.  
Accións positivas

#### **Quinta. Presentación de solicitudes, lugar e prazo**

As solicitudes poderán presentarse no Rexistro xeral da Deputación, en calquera das súas oficinas de rexistro e en [sede.depo.es](http://sede.depo.es), de conformidade co establecido no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En caso de realizarse o envío por correo postal (ao Rexistro da institución provincial) este deberá certificarse co selo de Correos no formulario da solicitude para garantir que a data de remisión está dentro do prazo de presentación de solicitudes desta convocatoria.

As bases reguladoras publicaranse no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e, posteriormente, remitirase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO, sen prexuízo da súa inserción en [www.depo.es](http://www.depo.es) e no taboleiro de anuncios.

O prazo para a presentación de solicitudes empezará o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO e rematará o 13 de outubro de 2017, este incluído.

O formulario de solicitude estará á disposición das persoas solicitantes en [www.depo.es](http://www.depo.es) e nas oficinas de rexistro da Deputación en Pontevedra e en Vigo.

Ademais do formulario de solicitude deberá presentarse una fotocopia do DNI da persoa solicitante e un documento acreditativo de ser persoal destinatario desta formación.

### **Sexta. Relación de persoas admitidas e excluídas**

A relación das persoas admitidas e excluídas (coas causas de exclusión) será publicada en [www.depo.es](http://www.depo.es) unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes.

### **Sétima. Número de prazas**

O número de prazas ofertadas será dun máximo de 40, que se cubrirán por rigorosa orde de inscrición.

Para que os cursos se realicen estes deberán contar, como mínimo, con entre 8 e 10 persoas por edición.

### **Oitava. Condicións do curso e certificacións**

A formación impartiraa persoal docente da Universidade de Vigo e subvencionada pola Deputación de Pontevedra. Estará coordinada por María M. Álvarez Lires e Azucena Arias Correa, pertencentes ao Grupo de Investigación CIES.

Ao finalizar cada un dos módulos do curso a Universidade de Vigo expedirá unha **certificación oficial** (do nivel I e do nivel II).

Para superar os módulos e ter dereito ao certificado acreditativo as persoas participantes deberán asistir polo menos ao 80 % das horas establecidas, realizar as actividades e cumprir os prazos segundo as instrucións que se reciban.

### **Novena. Financiamento**

O primeiro módulo (nivel I) desenvolverase no ano 2017 e o seu custo ascenderá a tres mil cincocentos sesenta e cinco (3.565) euros, que se aboarán con cargo á aplicación orzamentaria 17/250.2315.226.06. O segundo módulo (nivel II) realizarase en 2018, o seu custo será de tres mil cincocentos sesenta e cinco (3.565) euros e esta contía quedará condicionada á aprobación do orzamento de 2018.

### **Décima. Publicidade**

En toda a publicidade que se elabore deberanse facer constar a organización e a colaboración da Deputación mediante a inclusión da súa imaxe institucional, de conformidade co artigo 31 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

### **Décimo primeira. Prazo de vixencia**

As bases que regulan este curso terán vixencia ata o 30 de xuño de 2018.